



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
VINTE DE FEBREIRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES./AS. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JORGE CERDEIRA LOURO
D^a: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día vinte de febreiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.-Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/01/2013).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2012.

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2012, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2013, que presenta un resultado axustado de trescentos un mil cincocentos oitenta e seis euros con sete céntimos (#301.586,07 €#) de superávit, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

RESULTADO ORZAMENTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	3.489.606,42
- Obrigas recoñecidas netas	- 3.188.020,35
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	301.586,07
+ Desviacións negativas de financiamento	0,00
- Desviacións positivas de financiamento	0,00
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	301.586,07
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	417.993,94
ACREDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	489.926,46
Remanentes de crédito non comprometidos	52.885,75
Remanentes de crédito comprometidos	225.328,90
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0,00
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA	Euros
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2012	19.284,53
+ Dereitos pendentes de cobro	629.355,24
- Acredores pendentes de pago	703.749,28
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (TOTAL)	- 55.109,51
- Saldos de dubidoso cobro	0,00
- Exceso de financiamento afectado	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 55.109,51

O pleno dáse por informado.

3º.-Aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda do fogar.

Dáse conta da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar .

O Sr. Cerdeira do PSdG-PSOE di que en nome do seu grupo quere facer constar de novo o seu voto en contra coas mesmas motivacións que fixeron no debate do regulamento, e quere deixar constancia que unha vez máis, e tal e como se están a dar os acontecementos, parécelle moi inxusto que se recorte nestas partidas, que se deixe a lei de dependencia sen ningún tipo de orzamento que se poida executar, e que teñan que ser os usuarios do servizo, xente que máis o necesita, a que teña que soportar as cargas, ademais das que xa teñen, que consideran completamente inxustas.

O Sr. Pose do BNG di que se opón polos mesmos motivos, e que cre que non é o momento, xusto agora é o peor, para castigar á xente que máis problemas ten.

O Sr. Lema do PP expón que xa se ten aprobado como regulamento, que xa se debateu, que entende á oposición que ten que facer bandeira deste asunto, pero que o seu grupo mantén o que xa se aprobou no seu día no regulamento, e agora só hai que darlle trámite.

O Sr. Pose di que non é facer bandeira, senón un acto de xustiza, posto que o aforro é miserable para as condicións, comparado con outros temas que está a facer o concello, e que o grupo de goberno faino por unha cuestión ideolóxica.

O Sr. Alvela de TEGA di que como xa se debateu e a súa postura foi clara daquela, que era mellor cobrar un pouquiño máis e manter o servizo, que seguir como



estamos e empezar a eliminalo, que se trata duns incrementos modestos para xente modesta, polo tanto vai absterse na votación.

Posta a votación a citada proposta rexístranse seis votos a favor do PP, seis votos en contra do PSdG-PSOE e BNG e unha abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación e rexístrase o mesmo resultado, aprobándose con voto de calidade da Presidencia.

4º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no Padrón fiscal do exercicio 2013.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día dezoito de febreiro do ano que andamos, que di o seguinte:

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza Fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do Padrón Fiscal correspondente ao vixente exercicio 2013.

Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais municipais para o recoñecemento do dereito á redución da cota tributaria dos contribuíntes, propietarios de vivendas, que deseguido se relacionan, previa solicitude dos mesmos:

Solicitante e titular da vivenda	Condición que ostenta	Situación da vivenda
CECILIA MILLÁN LÓPEZ	PENSIONISTA	CASTRO, 31 - PONTE ULLA
ISAURA LOBATO ALBELA	PENSIONISTA	RECAREI, 3 - MERÍN
GENARO CAMINO VÁZQUEZ	PENSIONISTA	TOMONDE, 40 - SANTA CRUZ
LINO SÁNCHEZ MALLO	PENSIONISTA	TEXO, 10 - SAN FINS
SOCORRO ALBELA PAIS	PENSIONISTA	XIÁN, 2 - TROBE
JESUSA GÓMEZ MARTÍNEZ	PENSIONISTA	FONTAO, 1 - VEDRA
MARÍA EIRÍS LOBATO	PENSIONISTA	OUTEIRO, 7 - VILANOVA
JESÚS CARBAJALES CARBIA	PENSIONISTA	SAN PEDRO, 9 - SAN PEDRO
MANUEL FANDIÑO OTERO	PENSIONISTA	MALFURADO, 1 - TROBE
CRISTINA RIZO LIÑARES	FAMILIA MONOPARENTAL	TRASARIZ, 16 - SAN FINS
NATIVIDAD ALONSO ACUÑA	FAMILIA MONOPARENTAL	CIMADEVILA, 23 - SAN MIGUEL
CONSUELO ROCHA PARDO	FAMILIA MONOPARENTAL	MANTELES DE ARRIBA, 13 - VEDRA
ANDRÉS BARREIRO CANICOBA	PENSIONISTA	SAN MAMEDE, 12 - SAN MAMEDE



No expediente constan os seguintes informes favorables:

* Da Traballadora Social, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren o requisito esixido no artigo 8.1 da Ordenanza, de que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente.

*Da Secretaría-Intervención, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e do importe da cota tributaria reducida.

Proponse:

1º.- Que por parte do Pleno do Concello se proceda ao recoñecemento do dereito de redución á metade da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes.

2º.- Que no Padrón Fiscal que se forme para o actual exercicio 2013 cada unha das vivendas relacionadas tribute por importe de 34,00 euros, o que supón a redución á metade da cota tributaria anual vixente de 68,00 euros por vivenda.

A Comisión de Economía e Especial de Contas por unanimidade dos asistentes informa favorablemente a citada proposta.”

O Sr. Lema do PP di que na ordenanza fiscal vén establecido que determinadas persoas, previa solicitude e co informe de servizos sociais, teñen dereito á redución do 50% na cota tributaria da taxa de recollida de lixo, e con este acordo o que se pretende é facer efectivo este recoñecemento con esa lista de persoas que figura na proposta.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG a favor dunha xestión ecolóxica e sustentábel do lixo.

Dáse conta da moción presentada polo BNG a favor dunha xestión ecolóxica e sustentábel do lixo, na que expón que no ano 2011 xeráronse en Galicia 1,2 millóns de toneladas de residuos urbanos que foron obxecto de tratamento nalgún dos tres modelos existentes no noso país: Sogama, Nostión e Barbanza, que conteñen cantidades importantes de recursos e o seu aproveitamento pode xerar moitos empregos.

Di tamén que entre os anos 2009 e 2011 caeron as porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe de vidro e de papel, causando grandes perdas ecolóxicas e económicas, que non ten porque ser así como vén demostrando o plan comarcal de reciclaxe e compostaxe do Barbanza, que reciclan o 45% do lixo fronte ao 8% de Sogama e xeran 10 veces máis emprego.

Sinala ademais que con respecto aos residuos de envases, que atinxen un 40% do lixo xerado, só se recuperan en Sogama o 15%, impoñéndolle a Xunta e Ecoembes aos concellos o modelo de recollida de bolsa e colector amarelos para os residuos de envases, modelo que non está a funcionar e que permite a Ecoembes furtar aos concellos a maior parte do financiamento que por lei debería achegar.

Expón que a Xunta vén de modificar o plan de xestión PXRUG 2010-2011, mais non para avanzar na xestión ecolóxica do lixo e na sustentabilidade económica da mesma, senón para facilitar a instalación dunha nova incineradora en Cerceda, unha vez abortado o proxecto para O Irixo, e que ten previsto financiar con 218 millóns de euros. Neste contexto está en tramitación unha Iniciativa Lexislativa Popular co obxectivo de promulgar unha lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia.



Por todo iso propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Manifestar o apoio á tramitación da *proposición de lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia, actualmente en tramitación.*

2º.- Solicitar o abandono por parte da Xunta da idea de construír unha nova incineradora de residuos urbanos en Galicia.

3º.- Solicitar que a Xunta destine os fondos previstos para a incineradora ao financiamento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permitan a creación de emprego nas diferentes localidades e acadar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe das sociedades avanzadas.

4º.- Solicitar da Xunta de Galicia o financiamento prioritario das actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo, alí onde sexa axeitada, a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.

5º.- Destinar parte do orzamento municipal “de maneira efectiva” para implantar programas de educación ambiental para a redución de residuos e xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria, reducindo a dependencia de Sogama.

O Sr. Pose do BNG expón que esta moción ten un percorrido de dous meses e súmase a outras moción que xa se teñen presentado e outros debates no pleno. Di que no seu momento, nunha comisión informativa, cando se falou de incrementar a taxa de recollida de lixo, o BNG propuxo que se fixesen outras actuacións, basicamente que con programas de reciclaxe e compostaxe eramos capaces de baixar a capacidade do concello de seleccionar, e polo tanto, o que se paga a Sogama e o custo do concello da recollida do lixo e polo tanto aos veciños por este servizo, e a pedimento do PP fixo propostas e colgounas na web municipal: recollida de porta a porta, compostaxe, que levan alí colgadas sobre 6-7 meses e dálle a sensación de que ninguén as leu aínda.

Di tamén que segue a insistir no mesmo, que esta é unha moción xenérica, de partido obviamente, pero vén basicamente dunha inxustiza: Ecoembes foi creada a pedimento de grupos ecoloxistas, pero o uso que se fai é unha auténtica mafia e é probable que en calquera momento “estoupe” como está acontecendo con outros temas, posto que os cartos que tiñan que vir dedicados ao concello para temas de lixo acaban dedicados a outras vías, obrigando ás propias empresas a pagarlle a unha empresa que nin sequera é pública, é unha especie de empresa cofinanciada. Ademais sinala que a moción nace de aí e a partir de aí constrúense outras cousas, moción que ao concello de Vedra non lle custa ningún traballo aprobar, pois non se está a dicir que se faga nada en particular.

De seguido di que advirte unha vez máis, que Sogama incinera e Europa vai prohibir esta actuación, e que agora mesmo é a opción máis barata porque a Xunta de Galicia cofinancia o 50 % dos gastos de incineración, pero que coa crise económica é probable que deixe de cofinancialos, e nese caso o Concello vai ver incrementados os gastos probablemente nun 30%, 40% ou incluso 50% do que está a pagar actualmente, por iso hai que buscar e investir noutras opcións existentes: porta a porta, compostaxe ...etc.

Por último, sinala que por todos os motivos expostos, sobre todo para poñerlle freo a Ecoembes e por apoiar unha proposición que se recolle na moción, solicita o voto favorable de todos os grupos.



O Sr. Lema do PP di que efectivamente é unha moción de partido, que o seu grupo estudou con calma, vendo os custos, porque ao final representan e gobernan aos veciños de Vedra, e teñen que procurar o ben deles, e neste caso, o económico do custo do tratamento do lixo.

Expón ademais, que estudaron o tema da planta de Lousame e sae moito máis caro que estar adherido a Sogama, e que si poderían estar de acordo con algún dos acordos propostos, concretamente co 4º e 5º, de mellorar a compostaxe doméstica, implantar programas de educación ambiental, etc, pero realmente a filosofía da moción e por outro lado os custos impídenlle variar polo momento a súa postura, no futuro que xa se verá.

Di que Vedra é un concello cunhas peculiaridades moi concretas, un concello eminentemente rural, non ten apenas zonas urbanas, co que temos unha vantaxe á hora de profundar no tema da compostaxe caseira en orixe, e iso vai dar prioridade a esa política de reducir a cantidade de toneladas de lixo que se levan a Sogama para o seu tratamento por un lado, e por outra banda mellorar na recollida de lixo tanto de envases lixeiros dos colectores amarelos, como na recollida de vidro e na de papel e cartón. E por eses motivos que consideran de peso suficiente, o seu grupo non está de acordo coa moción presentada e votarán en contra, dicíndolle ao Sr. Pose que así o deben entender concellos gobernados polo BNG que tamén están adheridos a Sogama, entende polo ben dos seus veciños.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE manifesta o voto favorable do seu grupo e o apoio á iniciativa lexislativa popular para que a Xunta de Galicia se poña as pilas e mire como poder reconducirnos na redución, reutilización e reciclaxe dos residuos da nosa comunidade.

Expón de seguido que tamén apoian a moción no relativo á construción dunha nova incineradora de residuos, posto que por máis que Sogama sexa a opción máis barata e cómoda, non pode ser que a Xunta de Galicia, que ten as competencias nesta área, incida nun modelo que se demostra que é conflitivo e caduco, debendo facer outras propostas á vista do que están a facer outras comunidades e Europa en canto á xestión dos residuos.

Di que con respecto ao concello, felicita ao equipo de goberno pola iniciativa de “luvas verdes” que foi retirando puntos de vertidos incontrolados, pero que é certo que a construción do punto limpo supuxo un antes e un despois na xestión do lixo neste concello, tendo a sensación de estamos volvendo a “un antes” porque despois desa iniciativa hai moitos puntos de vertidos novos polo concello adiante, co que algo está a fallar.

Sinala que está de acordo co exposto polo voceiro do PP en incidir na mellora de recollida selectiva do lixo, que está nas nosas mans, porque aínda que as empresas encargadas da recollida selectiva impoñen cotas e tramos para a colocación de colectores, o grupo de goberno ten a obriga de presentar batalla para facilitarlle o acceso aos colectores aos veciños e facerlle o máis fácil posible o depósito do lixo selectivo.

Polo que respecta á redución da cantidade de lixo que se verte, sobre todo nos colectores orgánicos, di que se está a perder a boa práctica ambiental rural, e ver tamén a cantidade de lixo impropio que vai a eses colectores, e se leva a Sogama para o seu tratamento, pagando como se fose ouro, e se ben a compostaxe pódese levar a cabo sen practicamente ningún plan especial por parte do concello, débese incidir nunha correctísima separación e reciclaxe do lixo, sobre todo na bolsa negra, que é primordial para poder reducir as facturas do servizo.



Por último maniféstalle ao equipo de goberno a súa disposición para levar a cabo propostas e reitera o seu voto favorable e o apoio á moción presentada polo BNG.

O Sr. Alveta de TEGA expón que aínda que está de acordo coas formulacións que se fan aquí, a moción está feita dun xeito bastante xenérico, onde os resultados finais tampouco se albiscan moi ben. Di que no noso concello, que é o que realmente interesa, débese incidir na parte selectiva e na parte de reciclaxe. É fundamental que os veciños saiban o que costa meter os improprios nos colectores que xeran toneladas que Sogama cobra por clasificar, e unha vez que os veciños teñan unha conciencia clara de que se meten menos toneladas nos colectores tamén hai que pagar menos, as forzas deben gastarse por aí, posto que hoxe por hoxe non hai alternativas a Sogama, existen de tipo caseiro e algunha xente está levándoas a cabo, poñendo de exemplo unha nova que saíu publicada na prensa, dunha familia inglesa que xeraba 15 kg de lixo ao ano.

Por último di que hai que reciclar na casa o máis que se poida e procurar clasificar o lixo ben, que Lousame e Barbanza tamén dan moitos problemas, e que hoxe por hoxe non hai alternativas a Sogama, para esa gran cantidade de lixo que se xera nas grandes cidades; polo que vai absterse, non porque estea en contra, senón porque incidiría máis no que é o noso concello e a nosa forma de tratar o lixo, e instale ao equipo de goberno de Vedra para que as forzas se empreguen todas nesa liña, de forma que poidamos chegar a ter a curto ou a medio prazo unha reciclaxe ben feita que poida reducir o custo de Sogama.

O Sr. Pose di que a el non lle importa o que faga o BNG noutros concellos, e que co exposto lle demostran que non leron a moción porque non se solicita en ningún sitio que se cambie de central de recollida de lixo, e que lle fan un fraco favor ao seu partido, porque mentres que Europa está a punto de prohibir as incineracións, aprobar una moción na que se di que incinerar está mal, e instar á Xunta a dicirlle que vaian pensando noutras opcións, cre que lle fan ben ao seu propio partido aprobándoa.

Tamén sinala que se os empresarios saben o que lle están a pagar a Ecoembes quedarían alucinados.

O Sr. Lema sinala que a súa postura quedou bastante clara, e que si leron ben a moción, pero que teñen a responsabilidade de darlle unha resposta ao problema do lixo aquí en Vedra, que o que realmente preocupa é o interese dos veciños, que é o que os move a levar a cabo as accións de goberno, polo tanto insisten en que a redución e a reciclaxe do lixo en orixe son as que realmente teñen un valor medioambiental máis importante.

Di que a súa aposta vai ser reducir o lixo, contestándolle á voceira do PSdG-PSOE, que efectivamente hai que mellorar nos improprios que van ao colector verde, pero que é un traballo que teñen previsto de concienciar á poboación da importancia que ten separar en orixe o lixo.

En canto ao tema dos colectores, analizando o tema da planta de Lousame, que é a alternativa viable que temos no noso entorno, falando cos concellos que están adheridos a ela, teñen moitos problemas en canto ao número de colectores amarelos, verdes. ... que a recollida se acerque máis aos veciños, que no noso concello que é rural é moi importante, e na situación na que estamos temos moita máis autonomía da que dispoñen os concellos que están na planta do Barbanza.

Di tamén que efectivamente o punto limpo foi un avance importante que se fixo no anterior goberno, pero que non está de acordo en que se incrementaron os vertidos



incontrolados, que se fixo un esforzo co programa de “luvas verdes” e que seguirán a traballar nese sentido, que o concello está razoablemente limpo e que están polo labor de eliminar eses vertidos incontrolados e seguir potenciando a recollida de obxectos no punto limpo.

Por último di que se no futuro hai cambios normativos e de financiamento haberá que estudar o xeito de adaptarnos e o modelo a seguir.

Dona Lucia González di que o que interesa é o concello de Vedra, pero que a perspectiva local está sempre afectada polas decisións de rango superior, neste caso da Comunidade Autónoma, e ver que esa comunidade prevé facer un investimento que se cae pola resposta popular, como foi a incineradora de O Irixo, e ver que non buscan outras alternativas que xa se teñen posto en práctica na comunidade e que se demostran realmente complicadas na súa xestión e que non cumpren os obxectivos para os que foron construídas, porque Sogama é algo hoxe distinto aos criterios cos que foi construída, tendo curiosidade en coñecer os resultados da auditoría que se está a levar a cabo en Sogama.

Por último, di que están na obriga de instar ao goberno autonómico a que ante a perspectiva dun investimento do calado de financiar unha incineradora hai que buscar outras alternativas, porque si existen e que hai que valorar o que fan os demais, e que Ecoembes se presentou como unha gran solución pero que hai concellos e deputacións no resto de España que ven como están perdendo a posibilidade de obter novos ingresos cunha mellor xestión desa separación de envases lixeiros; por iso cre de xustiza apoiar a moción no sentido de instar á Xunta de Galicia a que reconsidere as opcións e as súas políticas en canto á xestión de residuos.

Posta votación a citada moción rexístranse seis votos a favor do BNG e PSdG-PSOE, seis votos en contra do PP e unha abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación e rexístrase o mesmo resultado, rexeitándose co voto de calidade da Presidencia.

6º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Substituto.

En función da comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativa ao vencemento do período de mandato do Xuíz de Paz Substituto desta localidade, de acordo co establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, por Resolución da Alcaldía de data dez de xaneiro acordouse iniciar os trámites para a elección do mesmo para o período de catro anos.

Á vista das solicitudes presentadas no prazo establecido na convocatoria publicada no BOP núm. 13/13 do 18 de xaneiro, e tendo en conta o currículo e demais circunstancias dos mesmos, propónse:

Primeiro.- Designar como Xuíz de Paz Substituto de Vedra a dona Vanessa Crespo Souto con DNI núm. 44.831.442-A.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Secretaría do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda ao seu nomeamento.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.



7º.- Ratificación do acordo da Xunta de Goberno sobre do POS 2013.

Dáse conta do seguinte acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o once de febreiro do ano que andamos:

“3º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2013.

Dáse conta da comunicación núm. 2835/13 da Deputación Provincial sobre deficiencias nos proxectos das obras incluídas no POS 2013.

En función do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, delegando na Xunta de Goberno Local a aprobación do citado plan, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día quince de xaneiro do ano que andamos, e aprobar a realización das seguintes obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño	91.366,16	6.671,54	98.037,7
Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde	45.843,84	4.948,74	50.792,58
TOTAIS	137.210	11.620,28	148.830,28

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	58.700,00

C)Resumo:

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	137.210	11.620,28	148.830,28
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	58.700	108.440	167.140
TOTAL	195.910	120.060,28	315.970,28

2º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4º.- Solicitalle da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditando que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde - Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O Pleno con sete votos a favor do PP e TEGA e 6 abstencións do PSdG-PSOE e BNG acorda ratificar o citado acordo.

8º.- Aprobación inicial, se procede, do Plan Especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla

A Presidencia expón que por acordo entre todos os voceiros retírase da orde do día para entrar en diálogo cos afectados para ver a súa problemática e tratar de buscar solucións.

9º.- Informe, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE solicitando que se cobre o IBI aos inmobles rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións cuxo destino non estea vinculado ao culto.

Apróbase a urxencia deste asunto por unanimidade dos asistentes.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que é un tema de bastante actualidade, xa que están xurdindo iniciativas individuais por parte de concellos para tratar de requirirlle á Igrexa que pague polos inmobles que ten. Di que a Igrexa está exenta de tributar a raíz dos acordos coa Santa Sede do ano 1979, pero nese concordato non estaban incluídos os inmobles non destinados a culto: vivendas, prazas de garaxe, ..etc, pero quizais a situación do momento e a época de vacas gordas foi cando estes inmobles quedasen excluídos; pero agora a situación é distinta, cando estamos a aprobar taxas novas importantes para os veciños, esixíndolles que aperten o cinto, entendendo que hai que recuperar o que é dereito, que finalmente non está recollido en ningunha lei nin concordato, esperando o apoio unánime do pleno, estando de acordo coa proposta formulada na comisión informativa polo PP de excluír tamén aos locais que están en uso polas comunidades de veciños e as vivendas parroquiais que estean habitadas.

O Sr. Lema do PP di que tal e como se falou na Comisión Informativa está de acordo co espírito da moción, coa excepción proposta e aceptada de que queden exentos tamén todos os bens que teñan uso comunitario ou social.



O Sr. Pose do BNG di que está a favor da moción.

O Sr. Alveta de TEGA di que se falou de facer un censo de bens, que sería bo e seguramente existe.

A Presidencia di que xa pediu a información e que convocará aos voceiros dentro duns días para estudalo entre todos, sinalando o Sr. Alveta que unha vez visto o citado censo e ver en que medida nos afecta, ver cales son susceptibles de IBI e cales quedarían exentos, para que queden perfectamente clasificados, estando de acordo coa moción.

O Sr. Lema puntualiza que a moción se refire a todas as confesións relixiosas, non só á Igrexa Católica.

Por último, dona Lucía González a modo de avanzada do que é o patrimonio da igrexa no Concello de Vedra, e sen prexuízo do que se vexa na comisión, trasládalle ao pleno un relatorio de propiedades, susceptibles de ser revisado.

Posta a votación, o Pleno por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas do PSdG-PSOE a presidencia contesta:

1.- Sobre do expediente de reposición da legalidade instruído respecto das actuacións consistentes na construción de piares para a colocación de portal en A Torre - San Xián de Sales, di que o promotor don José Manuel González de la Torre interpuxo un recurso de reposición que se entendeu desestimado por silencio administrativo o 05/12/2013, que se abriu o prazo para presentar recurso contencioso - administrativo que tiña dous meses, e o certo que ao día seguinte do pleno de xaneiro mandoulle á técnica municipal que fixese unha visita, e comprobou que tirara un piar, quedando outro pendente. E agora tendo preparado o expediente para a execución forzosa, hoxe mesmo comprobou que estaban os dous piares que non cumprían tirados, polo que en principio queda o expediente resolto.

2.- En canto ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2012 (DOG 13/06/2012), de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para o equipamento e a mellora das instalacións e dos locais utilizados para a realización de actividades culturais, con cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, di que o concello si concorreu a esa convocatoria, solicitando equipo audiovisual en xeral, unha subvención de 5.500 euros e non resultou elixida porque esixía cofinanciamento, e o concello solicitou o cento por cento da subvención (100%), e ademais era por concorrência competitiva, que se intentará de novo se volve a saír a convocatoria.

3.- Polo que respecta aos convenios co INEGA, di que eses son convenios pilotos, e el casualmente estivo falando no mes de decembro con responsables do mesmo, precisamente para comentar os problemas enerxéticos do concello, os seus



custos, as posibilidades de aforro e as posibilidades de financiamento, e que saíu razoablemente satisfeito da reunión e ten a esperanza de que esas conversas teñan resultados positivos neste exercicio.

4.- Sobre do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, di que evidentemente o traballo xa se presentou, e os prazos eran un pouco flexibles, tanto que a propia Xunta de Galicia nos comunicou unha modificación dos prazos de pagamento; o que ía ser dende 2010-2013 pasou de 2013-2016. Di tamén que o traballo se axustou bastante ao establecido inicialmente, e en canto ao balance económico, segundo datos de contabilidade o total ascendeu a 57.088 euros, co que a diferenza é moi pequena.

Ademais sinala que o labor do arquitecto é semellante á que facía co anterior equipo de goberno, e relacionada con esta pregunta, á do Sr. Pose do BNG sobre da existencia dalgúha cláusula no contrato, di que no mesmo non se contemplaba ningunha cláusula penalizable.

11º.- Rogos e preguntas

-Dona Lucía González do PSdG-PSOE formula tres rogos:

1.- Que se comprobe o estado da fosa séptica do centro médico, xa que quizais debido ás copiosas choivas deste inverno existiron filtracións e parece ser que corren augas negras pola gabia.

2.- En canto ás sacas de madeiras, que están a realizar nas parroquias de San Fins e San Xián, insta ao grupo de goberno para que á súa vez inste ás empresas madeireiras para que deixen as pistas en boas condicións e corran cos gastos de reparación de ser o caso.

3.- Con respecto ao plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, á vista das alegacións xa presentadas por algúns veciños, insta ao equipo de goberno, como responsable primeiro, para que poña o máximo empeño para negociar e buscar solucións na medida do posible e que na comisión informativa se trate entre todos de chegar á mellor solución para as alegacións, e que este plan naza con bo pé e sexa realmente de utilidade para Ponte Ulla e para o concello de Vedra.

A Presidencia di que así se comprometeu e que as catro forzas políticas teñen que estar aí para chegar a solucións na medida do que legalmente sexa posible .

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta polas accións levadas a cabo polo equipo de goberno para darlle cumprimento á súa promesa electoral de darlle continuidade á estrada Vedra -Santa Lucía, que incluso faláron de darlle un novo asfaltado con aglomerado, xa que pasa o tempo e o seu grupo non quere que se quede nunha idea, e ademais é unha reivindicación dos veciños que esperaron moitos anos por esa estrada, e dado que agora son administracións amigas esperan que antes de rematar a lexislatura ese proxecto se leve a cabo.

A Presidencia di que si están a facer as accións crendo que van polo bo camiño, e que dende logo sería unha boa cousa, non porque o prometese o equipo de goberno senón porque o necesitan os veciños.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE di que escoitou ao voceiro do PP no punto da moción do BNG sobre da xestión do lixo que temos a responsabilidade de darlle resposta aos veciños de Vedra no tema do lixo, sinalando que o concello está mellor que



antes, rogándolle ao Sr. Alcalde que lle merque ao seu equipo de goberno botas e luvas e que dea unha volta polo concello e vaia aos montes de Illobre, Trasariz, Taberna Nova en Santa Cruz etc porque existen neveiras, conxeladores, televisores, ...etc e despois empezarán a falar de se está mellor o concello agora, porque el entende que estamos peor que no ano 1997.

O Sr. Lema contéstalle que xa estivo recollendo lixo nas saídas que fixeron durante a campaña de “luvas verdes”.

O Sr. Pose do BNG di que no xornal El Correo Gallego saíu publicado “Carlos Martínez Carrillo, Alcalde de Vedra: pechamos o ano pasado con preto de 500.000 euros menos de débeda” o que lle causa sorpresa, e pregúntalle ao Sr. Alcalde se se reafirma no encabezado dese artigo, e que no caso de non estar de acordo, a que se debe a publicación desta nova neses termos, porque os periodistas equívócanse pero sempre dun xeito determinado. O que esta claro é que nunca publicaran unha nova do estilo de “o concello de Vedra, gobernado polo licenciado don Carlos Martínez Carrillo ten unha débeda bancaria de 30.000 euros superior ao anterior goberno do partido socialista a un ano de gañar as eleccións”.

E de estar de acordo co encabezado, como conseguiu ese milagre, e como inflúe no superávit os créditos ICO, solicitando que se presente ante o pleno a débeda bancaria contraída polo concello á data de hoxe e a débeda bancaria que presentaba o concello cando gañaron as eleccións, así como o aforro inmediato que supuxeron os incrementos nas distintas taxas que foron aprobando dende o ano 2011.

Expón con respecto ao plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, que lle deu unha ollada e que lle parece un plan normal, pero que pola súa experiencia os plans especiais só funcionan se se conta coa complicidade absoluta de todos os veciños, senón é totalmente imposible levalos a cabo, preguntándolle á Presidencia polas vías de financiamento dispoñibles para o orzamento do técnico, e dado que o técnico xa rematou o plan, que acontece co seu posto de traballo.

Por último pregunta como está o tema da emisión a través de “streaming” dos plenos, porque os veciños que están aquí e todos os de Ponte Ulla poderían estar escoitando o pleno dende as súas casas, e dado que dentro dun mes debateremos de novo o plan especial gustaríalle que estivese instalada unha cámara web e un ordenador para poder publicar en directo a imaxe e a voz do pleno.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.